



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADO (ASGOCA) PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN EXTRAORDINARIO DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL E UNHA CAMPAÑA DE INSPECCIÓN DE VIXILANCIA DE MERCADO EN 2025**

*Santiago de Compostela, (asinado electronicamente 08/08/2025)*

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria (en adiante, CEI), na súa calidade de conselleira, segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, do 14 de abril, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da CEI (DOG núm. 101 do 27 de maio).

E doutra parte, \_\_\_\_\_, presidenta da Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados (NIF G-70287602) en adiante, ASGOCA, elixida mediante acordo da Asemblea Xeral do día 22 de xullo de 2025 e coas facultades para a sinatura deste convenio en virtude dos estatutos de dita asociación.

Interveñen en función dos seus cargos respectivos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen e

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Conforme recollen os artigos 47 e 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado para un fin común, sen que iso supoña cesión da titularidade da competencia.

**SEGUNDO.-** Que o presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.



**TERCEIRO.-** Que, de acordo co Decreto 140/2024, do 24 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, a esta consellería correspóndenlle o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos, entre outros, da Seguridade Industrial, de acordo co establecido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

Que a CEI, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial como órgano de dirección, ten atribuídas competencias no ámbito da seguridade industrial, segundo o recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais, así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial. No seu artigo 14 dita lei establece o control administrativo que poderá exercer a Administración sobre os establecementos, instalacións e produtos industriais, para comprobar en calquera momento por si mesma ou a través de organismos de control, o cumprimento das disposicións e requisitos de seguridade.

Así mesmo, en España, en aplicación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, as competencias executivas da Vixilancia do Mercado corresponden ás Comunidades Autónomas. Neste sentido, en Galicia, a autoridade de Vixilancia do Mercado en materia de produtos industriais é a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

**CUARTO.-** Que a ASGOCA é unha asociación sen ánimo de lucro no sector das empresas legalmente habilitadas para a verificación do cumprimento das condicións de seguridade de produtos e instalacións industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial, que goza de plena personalidade xurídica e capacidade para obrar no cumprimento dos seus fins. ASGOCA ten como fins coordinar e colaborar coa Administración, fundamentalmente coa Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Xunta de Galicia, nas tarefas de control regulamentario, para garantir o maior grao de homoxeneidade e profesionalidade nas actuacións dos seus asociados; realizar un control das devanditas actuacións; representar e defender os intereses comúns destes organismos; e regular as relacións entre os seus membros en prol de evitar calquera competencia desleal.

Así mesmo, os Organismos de Control Autorizados poden converterse en Organismos Notificados que teñen unha serie de funcións recoñecidas nos diversos

Módulos de Certificación no ámbito da Vixilancia do Mercado (realizar o exame CE de tipo, controis sobre a calidade de produción, inspeccións por unidade etc.), existindo, entre os asociados de ASGOCA, Organismos Notificados en Mercado CE.

**QUINTO.-** Que a Lei 21/1992, do 16 de xullo de industria, establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial. No seu artigo 14, esta lei establece o control administrativo que poderá exercer a Administración sobre os establecementos, instalacións e produtos industriais, para comprobar en calquera momento por si mesma ou a través de organismos de control, o cumprimento das disposicións e requisitos de seguridade.

Que o Libro Primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, establece e regula no seu título primeiro o sistema de control da seguridade industrial e defíneo como o conxunto de instrumentos legais orientados a garantir o axeitado cumprimento da normativa e regulamentación aplicable aos establecementos, ás instalacións e aos produtos industriais, co obxecto de evitar accidentes e incidentes en materia de seguridade industrial. Entre os instrumentos do sistema de control de seguridade industrial inclúense a inspección industrial e os plans e programas de inspección.

Que o Libro Primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial establece no seu artigo 23.3 que sen prexuízo das funcións de inspección do persoal técnico da consellería competente en materia de industria, a execución material dos programas poderán levala a cabo entidades legalmente habilitadas, para o que se utilizará, como instrumento de xestión, a subscripción de convenios de colaboración cos sectores afectados polo mesmo, se así se determina no correspondente plan de inspección.

Que a CEI e ASGOCA consideran que, para dar cumprimento a Orde do 21 de xullo de 2025 pola que se aproba o Plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, é necesaria a súa colaboración na realización dun plan extraordinario de inspección en materia de seguridade industrial e unha campaña de inspección de vixilancia de mercado en 2025, nos establecementos incluídos nos sectores previstos para avaliar o cumprimento das obrigas regulamentarias que as persoas titulares teñen no eido da seguridade industrial.



En consecuencia, e dado o interese coincidente da CEI e ASGOCA, ámbalas dúas partes acordan a formalización dun convenio de colaboración para acometer unha serie de actuacións de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a ASGOCA para a realización das inspeccións correspondentes ao Plan extraordinario de Inspección en materia de seguridade industrial 2025 que complementa o plan ordinario previsto na Orde do 21 de xullo de 2025, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, co fin de colaborar coas empresas e persoas traballadoras na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.

### SEGUNDA. - ACTUACIÓNS E METODOLOXÍA

1. Os establecementos que sexan obxecto de inspección serán seleccionados con criterios de oportunidade e aleatoriedade dentro do universo que compoñen tódolos establecementos industriais do ámbito de aplicación do Rexistro Industrial de Galicia. A listaxe definitiva de establecementos seleccionados será aprobada pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, previamente á realización das inspeccións. Dita listaxe será elaborada por dita dirección xeral e entregada a ASGOCA dentro dos quince (15) días naturais posteriores a sinatura do convenio.

Tomarase como criterio de selección de establecementos os que teñan pasada a inspección periódica regulamentaria desde a data de sinatura do convenio cara atrás, ata alcanzar a cota establecida, rexeitando aquelas instalacións con inspección regulamentaria en vigor dos últimos 3 anos, salvo que o prazo de inspección periódica do regulamento de seguridade industrial de aplicación sexa superior, pasando neste caso aos establecementos que lles falte menos dun ano para o vencemento da inspección periódica.

2. As inspeccións abranguerán a comprobación documental, nos diferentes campos regulamentarios, do cumprimento das esixencias administrativas prescritas polas disposicións legais nos establecementos que sexan obxecto de inspección, incluíndo unha visita in situ ao establecemento. No caso do programa da vixilancia de mercado as inspeccións abranguerán unicamente a comprobación documental.

ASGOCA será a encargada de realizar as inspeccións dos programas e sectores de prioridade que se detallan na seguinte táboa:

| Programas   | Sectores  |  | Nº inspección |
|---|---|--|---------------|
| 1 Instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial  | Instalacións de protección contra incendios en establecementos industriais    |  | 100           |
|   | Infraestruturas de puntos de recarga de vehículo eléctrico                    |  | 15            |
|   | Parques eólicos con acta de posta en servizo superior a 25 anos               | P<50 MW  | 10            |
| 2 Hoteis, centros comerciais, grandes auditorios, espazos multiusos, garderías, salas de festa e discotecas e talleres de automóviles | Todas as instalacións sometidas aos regulamentos de seguridade industrial     | HOTEIS, HOSTAIS, PENSIÓNS, CÁMPINGS                      | 15            |
|   |   | ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS (TENDAS) (MÁIS DE 50 PERSOAS) | 8             |
|   |   | CINES, TEATROS, AUDITORIOS, PRAZAS DE TOUROS, HIPÓDROMOS | 5             |
|   |   | ASILOS, GARDERÍAS  | 15            |
|   |   | BARES, CAFETERÍAS, RESTAURANTES, PUBS                    | 60            |
|   |   | TALLERES DE AUTOMÓBILES                                  | 30            |
| 3 Vixilancia de mercado   | Paneis fotovoltaicos  |  | 5             |
|   | Cadeiras salva escaleiras   |  | 5             |
|   | Equipos de protección individual  |  | 5             |
| 4 Actuacións de oficio solicitadas pola Administración  | Calquera das instalacións sometidas aos regulamentos de seguridade industrial |  | (*)           |

(\*) Conforme ao Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, esta Consellería e as Direccións Territoriais, no exercicio das súas funcións de ordenación e control industrial, necesitan en ocasións levar a cabo a inspección de produtos ou instalacións en calquera momento (á marxe da planificación prevista nos Plan anual de Inspección en materia de seguridade industrial da CC.AA. de Galicia), por motivos de seguridade e en base a necesidades sobrevidas (ordes superiores, peticións razoadas, denuncias, accidentes, peticións de actuación por parte da Institución do Valedora do Pobo, etc.). Non considerándose ditas inspeccións como regulamentarias, aos efectos dos cálculos dos prazos das inspeccións periódicas.

En base ao anterior, non é posible realizar unha planificación do número destas actuacións para incluílas neste Convenio, aínda que, a efectos orzamentarios, establécese unha bolsa equivalente a 32 horas para o ano 2025. En calquera caso, sexa cal for o seu número, estarán limitadas polo custo económico que para as mesmas establécese na Cláusula Sexta do presente Convenio. En todo caso, incluírase dentro de dita bolsa as comprobacións de corrección dos defectos atopados.

Os campos regulamentarios que serán obxecto de inspección son os seguintes:

- Almacenamento de produtos químicos.
  - Aparellos-Equipamento de presión.
  - Aparellos elevadores: ascensores.
  - Aparellos elevadores: guindastres.
  - Combustibles gasosos: centro de almacenamento e distribución de envases de GLP.
  - Combustibles gasosos: estacións de servizo para vehículos a gas.
  - Combustibles gasosos: instalacións de almacenamento de GLP en depósitos fixos.
  - Combustibles gasosos: plantas-satélite de gas natural licuado.
  - Gases licuados do petróleo.
  - Instalacións petrolíferas: para o seu consumo na propia instalación e para subministración a vehículos.
  - Instalacións frigoríficas
  - Instalacións petrolíferas: parques de almacenamento.
  - Instalacións térmicas en edificios.
  - Instalacións de protección contra incendios
  - Regulamentación eléctrica: alta tensión.
  - Regulamentación eléctrica: baixa tensión.
3. As inspeccións realizadas ao abeiro deste Plan de Inspección serán efectuadas usando un protocolo, un calendario e unhas listaxes de comprobación das esixencias regulamentarias previamente aprobados pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial. Ditos documentos serán elaborados conxuntamente entre as partes, e aprobados pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial dentro do prazo dun mes seguinte a data de sinatura do presente convenio.

4. Tal e como establece o artigo 3 do Decreto 54/2011, do 24 de marzo, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, se como resultado da actividade de control e de acordo coa normativa aplicable, o organismo de control emitira unha acta coa cualificación condicionada pola existencia de defectos, fixará no mesmo documento un prazo á persoa titular do produto ou da instalación para proceder a súa corrección. Transcorrido o dito prazo sen a corrección dos defectos, o organismo de control emitirá unha nova acta con cualificación negativa. Os prazos de corrección de defectos serán os maiores posibles, sempre que este prazo sexa compatible coa regulamentación sectorial.
5. De cada inspección resultará un expediente de inspección que conterá a acta de inspección e os contidos que se determinen no protocolo de inspección. Esta acta cualificará a instalación e os equipos como favorable ou negativa. Esta cualificación será o indicador do grao de suxeición das instalacións e equipos ás esixencias regulamentarias de obrigado cumprimento que resultarán da aplicación do protocolo de inspección.
6. As persoas titulares das instalacións e equipos recibirán unha copia da acta de inspección, que conterá o disposto no anexo II do citado Decreto 54/2011, do 24 de marzo, polo que se regula a autorización e a actuación dos organismos de control en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, e o que se determine no protocolo de inspección.
7. Logo da finalización das actuacións de inspección, realizarase un informe final onde se recollerán os datos, resultados, incidencias e conclusións máis significativos.
8. Nos casos de establecementos que non poidan ser inspeccionados por causas inherentes á dispoñibilidade das instalacións, ou da persoa titular, non se considerará inspección para os efectos deste convenio, sen prexuízo de que a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou as Direccións Territoriais (en adiante DDTT) resolvan noutro sentido.

### TERCEIRA. - OBRIGAS DE ASGOCA

Tendo en conta o concurso de achegas que as partes asinantes asumen para dar cumprimento deste convenio, ASGOCA comprométese a:

1. Levar a cabo directamente e en colaboración cos seus asociados as inspeccións establecidas nas cláusulas primeira e segunda.

Previamente ao inicio das actuacións, ASGOCA informará á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial os datos dos organismos de control participantes, dos inspectores participantes e das tarefas encomendadas a cada un deles. Nos mesmos termos, ASGOCA informará inmediatamente de calquera cambio nesta composición.

ASGOCA responsabilizarase ante a CEI da correcta execución das actuacións inspectoras que se establecen neste convenio.

2. Na execución das inspeccións, ASGOCA actuará de acordo coa metodoloxía indicada na cláusula segunda e co protocolo de inspección aprobado.
3. ASGOCA, directamente ou mediante os propios organismos de control participantes, atenderá ás consultas que as persoas titulares dos establecementos lle realicen sobre as inspeccións realizadas.
4. Propor o protocolo, as listaxes de comprobación e o calendario de inspección.
5. Achegar os expedientes coas actas e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actuacións inspectoras, consonte o indicado na cláusula segunda. ASGOCA remitirá regularmente estes expedientes ás DDTT correspondentes. ASGOCA remitirá ás persoas titulares unha copia das actas de inspección.
6. ASGOCA remitirá á CEI os informes coa relación das inspeccións realizadas así como a documentación requirida para a xustificación e pagamento segundo o recollido na cláusula sétima deste convenio.
7. Elaborar unha base de datos cos resultados das inspeccións. Nesta base de datos, indicarse o establecemento inspeccionado, o seu enderezo postal, a data



de inspección, o indicador do resultado da inspección e o organismo de control e a persoa inspectora ou inspectoras que a realizaron.

8. Informar ás DDTT das incidencias que se presenten na realización das inspeccións, en particular de cando non sexa posible a inspección dun establecemento. ASGOCA elaborará unha base de datos co rexistro das citadas incidencias que conterá unha breve descrición da incidencia, a data en que ocorreu, o organismo de control e o inspector ou inspectores que fixeron o intento de inspección, e a identificación do establecemento.
9. Entregar un informe final relativo á execución de todas as inspeccións, que conterá os datos, resultados, incidencias e conclusións máis significativos, para cada provincia e para Galicia.
10. Deberán respectar as normas sobre confidencialidade e sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como as normas que a desenvolven, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.
11. ASGOCA, como entidade responsable das actuacións recollidas na cláusula anterior, e co obxecto de garantir a adecuada execución das ditas actuacións, comprométese a asumir a dirección técnica, polo que en consecuencia, encargarse da asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios.
12. Para asegurar a coordinación das actuacións entre os organismos participantes e para unha comunicación fluída coa CEI, ASGOCA nomeará unha persoa coordinadora que será tamén a interlocutora para estes efectos perante a CEI. Se así o considera, ASGOCA poderá nomear cantas persoas coordinadoras estime oportunos, pero todas elas dependerán, para os efectos de comunicación coa CEI, da persoa coordinadora principal.

#### **CUARTA. - OBRIGAS DA CEI**

Tendo en conta o concurso de achegas que as partes asinantes asumen para dar cumprimento deste convenio, a CEI comprométese a:

1. Subministrar a ASGOCA toda a información necesaria para que poida realizar as súas actuacións adecuadamente.
2. Consonte co artigo 14 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, os Servizos de Industria das DDTT da CEI exercerán as funcións de supervisión e control das inspeccións realizadas polos organismos de control asociados de ASGOCA, podendo para iso o persoal técnico da Consellería estar presente naquelas inspeccións que considere oportuno e realizar as comprobacións posteriores que crea necesarias, unha vez realizada a inspección.
3. As DDTT recibirán e darán o trámite correspondente ás comunicacións de incidencias formuladas polos organismos de control no desenvolvemento das actuacións inspectoras que se realicen ao abeiro deste convenio.
4. As DDTT validarán o informe final realizado por ASGOCA.
5. As DDTT serán as encargadas de facerse cargo dos expedientes xerados nas inspeccións e do seu posterior tratamento.
6. Financiar as actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula segunda ata un máximo de 143.025,27 €.

#### **QUINTA. - ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio, a Consellería de Economía e Industria (a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial) financiará ata un máximo de CENTO CORENTA E TRES MIL VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS DE EURO (143.025,27 €), IVE Incluído, dos gastos financiáveis.

Tendo en conta que ASGOCA carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar ASGOCA.

O devandito financiamento efectuarase con cargo á partida orzamentaria 09.03.732A.640.8 (Código proxecto 2024/00036) "Plan de mellora da seguridade industrial" e 09.03.732A.640.0 (Código proxecto 2018/00070) "Estudios e traballos

técnicos en vixilancia de mercados” dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.

## SEXTA.- CUSTO ECONÓMICO

Das actuacións correspondentes ao Plan Extraordinario de Inspección, os conceptos valorados para determinar o custo de cada actuación para desenvolver polos organismos de control, son os seguintes:

- Estudo de antecedentes (base documental), e preparación da actuación.
- Desprazamentos, incluíndo gastos de quilometraxe, manutención e dietas.
- Execución da inspección e comprobacións técnicas.
- Emisión de informes, actas e informatización destas actuacións.

Cada un destes conceptos redúcese a un número de horas/persoa técnica, como valor de actuación para cada Programa, conforme á distribución que se indica no presente Convenio.

Do anterior resulta un número total de horas/persoa técnica asociadas a cada unidade de inspección dentro de cada Programa, que as partes establecen en base os prezos de mercado. Así, fíxose un custo horario de SETENTA EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (70,95 €) (IVE non incluído).

Unha vez determinadas as actuacións para realizar en cada un dos Programas de Inspección detallados no presente Convenio, en función das horas asociadas a cada actuación e conforme ao custo hora fixado, obtéñense os seguintes valores:

| Programas | Sectores   |   | Nº inspección | Horas/inspección | €/hora | €/inspección | TOTAL €      |
|-----------|--|---|---------------|------------------|--------|--------------|--------------|
| 1         | Instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial   | Instalacións de protección contra incendios en establecementos industriais    | 100           | 7                | 70,95  | 496,65 €     | 49.665,00 €  |
|           |  | Infraestruturas de puntos de recarga de vehículo eléctrico                    | 15            | 5                | 70,95  | 354,75 €     | 5.321,25 €   |
|           | Parques eólicos con acta de posta en servizo superior a 25 anos  | P<50 MW   | 10            | 8                | 70,95  | 567,60 €     | 5.676,00 €   |
| 2         | Hoteles, centros comerciais, grandes auditorios, espazos multiusos, garderías, salas de festa e discotecas talleres de automóviles | HOTEIS, HOSTAIS, PENSIÓNS, CÁMPINGS   | 15            | 8                | 70,95  | 567,60 €     | 8.514,00 €   |
|           |  | ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS (TENDAS) (MÁIS DE 50 PERSOAS)                      | 8             | 8                | 70,95  | 567,60 €     | 4.540,80 €   |
|           |  | CINES, TEATROS, AUDITORIOS, PRAZAS DE TOUROS, HIPÓDROMOS                      | 5             | 8                | 70,95  | 567,60 €     | 2.838,00 €   |
|           |  | ASILOS, GARDERÍAS   | 15            | 6                | 70,95  | 425,70 €     | 6.385,50 €   |
|           |  | BARES, CAFETERÍAS, RESTAURANTES, PUBS   | 60            | 4                | 70,95  | 283,80 €     | 17.028,00 €  |
|           |  | TALLERES DE AUTOMÓBILES   | 30            | 5                | 70,95  | 354,75 €     | 10.642,50 €  |
| 3         | Vixilancia de mercado  | Paneis fotovoltaicos  | 5             | 5                | 70,95  | 354,75 €     | 1.773,75 €   |
|           |  | Cadeiras salvaescaleiras  | 5             | 5                | 70,95  | 354,75 €     | 1.773,75 €   |
|           |  | Equipos de protección individual  | 5             | 5                | 70,95  | 354,75 €     | 1.773,75 €   |
| 4         | Actuacións de oficio solicitadas pola Administración   | Calquera das instalacións sometidas aos regulamentos de seguridade industrial | (*)           | 32               | 70,95  | -            | 2.270,40 €   |
|           |  |   |               |                  |        |              | 118.202,70 € |
|           |  |   |               |                  |        | IVA (21 %)   | 24.822,57 €  |
|           |  |   |               |                  |        | TOTAL        | 143.025,27 € |



Calquera modificación substancial das actuacións previstas no Anexo I do presente convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda".

Sen prexuízo do anterior, e sen necesidade de instar á modificación do convenio a través dunha "addenda", poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto indicadas anteriormente, coa limitación do 25 % de cada unha delas, sempre que non aumente o importe total do convenio, e que non se desvirtúen as súas características e obxectivos.

A segunda inspección derivada das actuacións anteriores dos respectivos programas, con fin de comprobar a corrección dos defectos atopados, de realizarse tramitarase a súa xestión e pago a través do apartado das actuacións de oficio solicitadas pola Administración. Estas segundas inspeccións serán facturadas, como máximo, ao cincuenta por cento (50%) do valor cuantificado para as primeiras, e previo orzamento remitido á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial para a súa validación.

No caso de que a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, ou unha Dirección Territorial solicite una inspección fora de programa, dita inspección tramitarase a súa xestión e pago a través do apartado das actuacións de oficio solicitadas pola Administración, co custe por inspección definido no correspondente programa. Se ben, no caso de que a inspección corresponda a unha instalación non sometidas a un regulamento de seguridade industrial recollidos nos citados programas, manterase o custo horario de Setenta Euros con Noventa e Cinco Céntimos de Euro (70,95 €), debéndose as horas efectivas de inspección xustificar documentalmente, e previo orzamento remitido á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial para a súa validación.

Nos supostos nos que a persoa titular non acceda á realización da inspección (antes ou no mesmo acto da visita á instalación) ou ben esta sexa errada (cando se teña coñecemento, antes da inspección ou unha vez no establecemento, de que este non pode ser inspeccionado de forma ordinaria, porque non se dedique á actividade contemplada ou porque non exista xa a instalación ou calquera causa similar), actuarase conforme determine a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou Dirección Territorial, podendo dita dirección xeral establecer que se realice a substitución por un establecemento de reserva. Só no caso de que se decidise que se realice a visita ao emprazamento e se levante acta, ao obxecto de documentar a situación do emprazamento / establecemento, xestionarase a intervención de igual forma que as inspeccións ordinarias, certificándose pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou Dirección Territorial a intervención do organismo de control, abonándose por ela, o 50% do importe fixado



en Convenio para a inspección ordinaria segundo cada programa, e tramitándose a súa xestión e pago a través do apartado das actuacións de oficio solicitadas pola Administración. No caso, de obstrución ao labor inspector na visita, que impida a súa realización, levantarase acta na que se recolla tal feito, abonándose por ela o importe fixado en Convenio para a inspección ordinaria segundo cada programa.

Para as actuacións de oficio solicitadas pola Administración o alcance destas intervencións será definido pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, ou polas Direccións Territoriais, conforme ao seguinte procedemento de actuación:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou Dirección Territorial, comunicará por escrito a ASGOCA, en representación dos organismos de control, a intervención que precise, solicitando o orzamento da mesma. Para ese efecto detallarase na medida do posible o alcance da intervención requirida e, no seu caso, o protocolo para aplicar.
- ASGOCA remitirá á administración solicitante o organismo de control que haberá de intervir e o orzamento correspondente elaborado conforme ao custo hora fixado de 70,95 € (IVE non incluído) cando corresponda facer esta cuantificación, aplicando os mesmos conceptos de estudo de antecedentes, desprazamento, execución da inspección e emisión de informes, ou actas, ou detallando o custo por obra ou servizo naquelas actuacións non cuantificadas como horas/técnico. Previamente á realización da intervención o orzamento deberá ser aceptado polo servizo correspondente da administración solicitante.
- O orzamento anteriormente indicado, poderá ser modificado en caso de circunstancias sobrevindas, como a aparición de novos items a inspeccionar, nova documentación, etc e que non eran coñecidos previamente á súa realización, sempre co coñecemento da administración solicitante e coa súa autorización.
- O organismo de control actuante, unha vez levada a cabo a correspondente inspección, enviará informe ou acta da súa actuación á Administración requirente.
- Seguidamente, o Servizo correspondente da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou da Dirección Territorial, remitirá certificado a ASGOCA, acreditativo do cumprimento da actuación solicitada.

O custo económico total das actuacións de oficio solicitadas pola Administración establécese, como máximo, en 32 horas de inspección.



### **SÉTIMA.- PROCEDIMIENTO DE PAGAMENTO, PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN**

A CEI, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, librará a ASGOCA as contías que vaian sendo xustificadas segundo os importes recollidos na cláusula sexta do convenio, só despois da recepción e conformidade de dita dirección xeral coa documentación que xustifique a realización das tarefas encomendadas na cláusula segunda.

De cara a liquidar esas contías, ASGOCA remitirá de forma mensual á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as correspondentes facturas ou documentos análogos e o resto de documentación, antes do día 15 do mes seguinte, salvo no mes de decembro, onde as facturas pendentes e o informe final das actuacións serán entregados antes do 05 de decembro de 2025. Non obstante, ASGOCA poderar realizar a acumulación da remisión de varios períodos mensuais, por causas debidamente xustificadas, previa solicitude e aprobación da citada dirección xeral.

Para a acreditación á que se refiren os parágrafos anteriores, ASGOCA presentará mensualmente á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, unha vez se vaian realizando os traballos que se detallan na cláusula segunda deste Convenio a seguinte documentación:

A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto. Ademais, incluírase unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio no período mensual xustificado. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

B. A/s factura/s relativas ao período mensual xustificado co detalle das actuacións efectuadas segundo se recolle na cláusula segunda acompañada de:

- a. As actas de inspección realizadas no período mensual correspondente.
- b. Unha relación dos gastos e investimentos clasificados por partida orzamentaria, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, así como partida orzamentaria á que corresponde. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade.
- c. Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012 relativo ás obrigacións de facturación:

- Deberá poder identificarse de forma clara o número da factura e a súa data de emisión.
- Deberá identificarse correctamente tanto o destinatario dos bens ou servizos como o obrigado a expedir a factura, incluíndo as súas correspondentes razóns ou denominacións sociais, números de identificación fiscal e domicilio.
- O concepto da factura deberá ser claro e relacionado coas actividades atendidas neste Convenio, describindo as operacións e a data de realización das mesmas.
- No caso das subcontratacións o documento xustificativo ou factura deberá facer referencia á actividade ou tarefas subcontratadas no marco do proxecto en cuestión.
- Deberá poderse identificar o tipo impositivo ou tipos impositivos aplicados ás operacións.
- Finalmente, deberá poderse identificar a cota tributaria repercutida, que deberá consignarse por separado, no seu caso.

En calquera caso, o importe xustificado de cada factura será o valor total da mesma sen IVE. Para poder incluír o IVE como gasto financiable, a ASGOCA deberá presentar o correspondente certificado de estar exento do pagamento do IVE.

Se as facturas están en idioma distinto do galego ou español, deberase achegar tradución da descrición do servizo, subministración ou outro tipo de gasto que corresponda, debéndose axustar as facturas aos requisitos que esixa a lexislación de cada país estranxeiro.

- d. Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos. Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

Non se admiten os pagamentos en efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir unha relación dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

C. Copia compulsada do último recibo do IAE, soamente cando a ASGOCA deba estar dado de alta no imposto de actividades económicas, salvo que xa fose remitida previamente. No caso de que a ASGOCA fose suxeito pasivo do IAE pero estivese exento do pago deste tributo, aportará declaración responsable na que se fagan constar tales circunstancias. Por último, cando a ASGOCA non estea suxeito á citada



obriga tributaria aportará declaración responsable na que figure que non está suxeito a dito imposto.

D. Certificado relativo á situación da ASGOCA con respecto ao imposto sobre o valor engadido (IVE), salvo no suposto de ter autorizado previamente a súa consulta directamente pola Administración.

E. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, salvo no suposto de ter autorizado previamente a súa consulta directamente pola Administración.

F. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, ,salvo que xa fose remitida previamente

Unha vez finalizadas todas as inspeccións achegarase un informe final detallado con indicación do grao de cumprimento respecto ao planificado, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas no marco deste convenio. Nos casos en que sexa posible, empregaranse indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción.

A ASGOCA responsabilizarase da veracidade dos documentos presentados.

En todo caso, a CEI resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

A ASGOCA manterá a disposición da CEI ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

#### **OITAVA.- VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

#### **NOVENA.- RESOLUCIÓN**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.

- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- g) A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **DÉCIMA.- SUPEDITACIÓN DO CONVENIO AOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA**

Tal e como establece o punto 4 do artigo 31 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- RESPONSABILIDADE CONTRACTUAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a CEI, de tal xeito que non se poderá esixir a esta Consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- UTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN OBTIDA**

A información obtida como consecuencia das actuacións obxecto do presente convenio poderá ser utilizada por ámbalas partes, as cales se comprometen a non cedela a terceiros, ao rigoroso respecto á normativa de protección de datos e a non utilizala con fins comerciais.

ASGOCA e os organismos de control asociados ou participantes nas inspeccións non poderán publicar ningún dato, resultado ou calquera outro aspecto relativo ás inspeccións obxecto deste convenio sen o previo consentimento expreso da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial .

## **DÉCIMO TERCEIRA. – DECLARACIÓN EXPRESA DUN INTERESE COMÚN E DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA**

Tal e como se indica na parte expositiva do convenio, e tendo en conta o exposto no Libro Primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, na Lei 21/1992, do 16 de xullo de industria, e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, á CEI correspóndelle elaborar e aprobar os plans de inspección das actividades reguladas no citado Decreto legislativo. Estas actividades levaranse a cabo directamente polas persoas funcionarias da Consellería ou baixo supervisión desta, a través das entidades legalmente habilitadas (os organismos de control) que para o efecto sexan requiridas, de acordo co artigo 23.3 do Libro Primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial. A maiores, o Decreto 219/2008, do 25 de setembro, no seu artigo 7.4, indica que a dirección xeral competente en materia de industria poderá requirir ou convenir coas entidades legalmente habilitadas a realización de determinadas inspeccións nas que deba intervir de forma directa a Administración industrial, sen prexuízo das funcións de supervisión e control, por parte dos inspectores/as da administración, das inspeccións ordenadas.

Ao abeiro das alíneas anteriores, os organismos de control son as entidades legalmente habilitadas pola Administración para verificar o cumprimento das disposicións de carácter obrigatorio sobre instalacións industriais, establecidas polos regulamentos de seguridade industrial.

Tal e como indican os seus estatutos da ASGOCA:

- A ASGOCA poderán pertencer todos organismos de control debidamente autorizados para o desenvolvemento da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.



- ASGOCA terá como fin fundamental coordinar e colaborar coa Administración nas tarefas de control regulamentario, garantindo o maior grao de homoxeneidade e profesionalidade nas actuacións dos seus membros e, entre outras cousas, realizar un control de ditas actuacións.
- ASGOCA non ten carácter lucrativo, ten personalidade xurídica propia e estenderá o seu ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ASGOCA ten como un dos seus obxectivos, promover que a capacitación técnica dos seus membros garanta a cobertura de tódalas necesidades de inspección e control da Comunidade Autónoma de Galicia.

ASGOCA é a única asociación empresarial que aglutina os organismos de control que desenvolven a súa actividade en Galicia, motivo polo cal, a gran maioría dos organismos de control que operan na nosa Comunidade Autónoma están asociados a dita asociación.

Tendo en conta o dito nas cláusulas anteriores, dáse por satisfeito o referido ao concurso de achegas que as partes convenientes están de acordo en asumir, a concorrencia dunha actividade de interese común para ambas as partes e a vontade de colaboración propia dos convenios de colaboración.

Por todo o exposto, considérase que as actuacións obxecto do convenio teñen un carácter de interese xeral, non sendo posible promover a concorrencia pública dada a finalidade do convenio e a especificidade das características que cumpre a asociación coa que se quere subscribir o presente convenio.

#### **DÉCIMO CUARTA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control, que estará composta por unha persoa representante da Consellería de Economía e Industria, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial , e por un representante que determine ASGOCA.

As funcións desta Comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio e cantas lles atribúan as cláusulas deste convenio. Ambas as dúas partes asinantes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta de Seguimento e Control, sen prexuízo da competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO QUINTA. – PUBLICIDADE**

Este convenio, no relativo ao réxime de publicidade, estará ao disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

ASGOCA dá o seu consentimento á CEI para incluír e facer públicos, nos rexistros públicos regulados polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos relevantes deste convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA. – NORMATIVA APLICABLE, NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

Este convenio rexerese por todas as disposicións legais e normativas incluídas no seu articulado, e con carácter supletorio nas disposicións seguintes:

- Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares
- Lei 21/1992, do 16 de xullo de industria
- Libro Primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial
- Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Restante normativa de aplicación

O presente Convenio ten natureza administrativa e, no disposto no mesmo, estarase ao que dispón a Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, conforme ao disposto no seu artigo 6.2, sen prexuízo da aplicación dos seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que poidan exporse, tal e como se establece no artigo 4 da mencionada Lei.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN**

Calquera modificación substancial das actuacións previstas no presente convenio deberá ser solicitada á CEI, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de

aceptarse, se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente "addenda".

#### **DÉCIMO OITAVA.- AUTORIZACIÓNS**

A ASGOCA consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a CEI, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á CEI para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO NOVENA.- SUPLETORIEDADE**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Lido o presente convenio por si mesmos e en proba de conformidade, asíñase polas partes, por duplicado exemplar, no lugar e data ut supra.

|  |              |
|--|--------------|
| Pola Consellería de Economía e Industria | Pola ASGOCA  |
| A CONSELLEIRA                            | A PRESIDENTA |